



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA
Praza Camilo Díaz Valiño 15-2º A. 15704-Santiago (GALIZA)
Tel. e Fax: 981-570099. E-mail: adega@ctv.es
Web: www.adegagaliza.org

Informe:

Apertura de pistas como consecuencia das labores de retirada do fuel do *Prestige* entre Cabo Vilán e cabo Veo (CONCELLO DE CAMARIÑAS)



INTRODUCCIÓN

No mes de xullo de 2003, preséntase un informe titulado: ‘*CONCELLO DE CAMARIÑAS: INFORME SOBRE A SITUACIÓN AMBIENTAL DO LITORAL EN RELACIÓN COA MAREA NEGRA DO PRESTIGE E AS LABORES DE LIMPEZA. TRAMO: CAMARIÑAS (VILA) – CABO VEO*’, no que se da conta da situación ambiental nesas datas deste tramo de costa, un dos máis importantes do litoral galego en relación a súa importancia para a preservación da diversidade biolóxica e paisaxística (*Ver informe*).

Neste informe constátase a complicada situación dalgúns puntos en canto á presenza de fuel, as tarefas de hidrolimpeza así como da apertura de accesos por doquieira ata zonas onde se traballa ou traballou.

A APERTURA DE ACCESOS.

Constátase como moitas semanas despois, os novos accesos seguen perfectamente útiles o que pode carrear problemas, fundamentalmente por:

1. Erosión: a mesma apertura dos accesos e a introducción de vehículos conleva a perda de solo por escorrentía. O mesmo tempo o material erosionado pódese situar noutros puntos, como por exemplo dunas, modificando localmente as condicións ecolóxicas. Unha vez iniciado o proceso é difícil de solucionar ademais de costoso. Pode afectar indirectamente a taxones florísticos ameazados (*Ver anterior informe*).
2. A introducción de vehículos provoca compactación do terreo e deterioro xeral da vexetación polo que se poden producir cambios significativos nas comunidades. Igualmente os vehículos arrastran multitude de sementes procedentes doutros puntos, moitas delas exóticas, co que se corre o risco de colonización por especies alóctonas.
3. Redúcese o hábitat de determinadas especies animais e prodúcese molestias sobre a fauna en xeral.
4. As pistas reduciron a superficie e fragmentaron diferentes **Hábitats de Interese Comunitario**.



5. Incrementábase a aparición de lixo. Igualmente incrementábase o risco de contaminación local así como de lumes.
6. Igualmente unha mellora do acceso ó litoral trae como consecuencia un incremento da facilidade para extraer recursos mariños, o que normalmente implica un incremento do furtivismo. Neste senso, tamén compre destacar que se facilita o tráfico ilegal de estupefacientes.
7. Os accesos en moitos casos foron reforzados con pedra e zahorra de materias e tamaños alleos á zona co que se están a producir evidentes cambios ecolóxicos locais.

Igualmente hai que destacar que non só se abriron pistas senón que se produciu unha importante ocupación do espazo nos puntos onde se instalou maquinaria, como por exemplo na Punta do Boi, lugar particularmente valioso. Constátase a presenza de fuel en focos de contaminación secundaria nestes puntos de ocupación e nas pistas, contaminación que hai que eliminar.

En diferentes momentos comprobouse a entrada de abundantes vehículos alleos por completo ás tarefas de limpeza. Os usuarios fan un uso indebido do litoral.



Foto 1. Punta do Boi. Neste punto atopamos numerosas pistas e ocupación do espazo.



Foto 2. Punta do Boi. Pista na que se localizan restos de chapapote.



Foto 3. Pista con material alleo, en medio dun hábitat de importancia comunitaria.



Foto 4. Introducción de vehículos e realización de prácticas 'turísticas' inapropiadas para o lugar.

Foto 5. Introducción de vehículos e acampada non controlada.



Foto 6. Introducción de vehículos nas pistas de da Praia de Pedrosa, un dos “Puntos Quentes Botánicos” do litoral galego.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.

1. Medidas inmediatas.

Todas as pistas e accesos abertos co gallo do fuel do Prestige deben ser pechadas de inmediato.

Para elo suxerimos, temporalmente, a colocación de pedras de granito nas entradas das pistas e no caso de ser necesario a colocación de carteis permanentes alusivos, ata que non se inicien os traballos de restauración.

2. Proceder á restauración das zonas afectadas.

2.a. No caso de pistas reforzadas con materiais, estes débense retirar con maquinaria lixeira e proceder á descompactación manual do solo. Isto contribúe na recolonización espontánea da vexetación, que na maior parte dos casos é o máis oportuno para a restauración ambiental dos lugares.

2.b. Eliminación dos focos de contaminación secundaria. É preciso facer unha revisión a pé de todo o lugar para localizar puntos de contaminación secundaria e recoller o fuel. Isto débese facer a pé por operarios cualificados.

2.c. Recuperación do horizonte do solo. Paralelamente haberá que facer unha revisión exhaustiva das pistas, para localizar posíbeis problemas erosivos e proceder á súa corrección, ademais de corrixir o perfil do solo, por medio de acopio de terra.





Foto 7. Pista sobre Hábitats de Interse Comunitario en Punta do Boi. Neste caso non hai material alleos.

2.d. Medidas de harmonización co entorno, das zonas de complicada restauración, ou nas que esta non resultara satisfactoria.

Santiago de Compostela, setembro 2003

REALIZACIÓN:

Xabier Vázquez Pumariño. Biólogo.

Martíño Nercellas Méndez. Biólogo.
